

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 20 DE OUTUBRO DE 2023

Ás 10:30 horas do día 20 de outubro de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 17 de outubro de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais:

- D. Fernando González Abeijón, representante do PP
- D. Xabier Pérez Igrexas, representante do BNG
- D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
- D^a. Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral
- D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos
- D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos
- D. José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos
- D^a. Ruth Maria Gallego Santos, técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario (asiste aos puntos 2a, 5a, 6a, 6b, 9b, 9c, 9d, 10b, 10c e 10d)
- D^a. María Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste aos puntos 8a, 9a e 10a)
- D. Jesús López Moure, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste aos puntos 9e, 9f, 10e e 10f)
- D. Secundino Otero Failde, xefe do Servizo Medio Ambiente (asiste aos puntos 9g e 10g)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros (91361-250)

A secretaria comunica que segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral non se presentou ningunha proposición a esta licitación dentro do prazo de presentación que remataba o 19 de setembro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:32	Páxina 1 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF42-E1B2BD-AF4H3D-7DRVQ5-A84JN5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros (91361-250)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de setembro de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros (91361-250).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante o 22 de setembro de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o 18 de outubro.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 19 de outubro de 2023, non se presentou ningunha proposición para esta licitación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1.g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición neste procedemento, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 19 de outubro de 2023, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, proponse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros (91361-250) por non terse presentado ningunha proposición".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:32	Páxina 2 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF42-E1B2BD-AF4H3D-7DRVQ5-A84JN5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Urbanización da rúa Val Miñor e avenida Fragoso" (1584-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polas enxeñeiras industriais e o técnico medio en topografía o 16 de outubro de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura das proposicións avaliadas mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Urbanización da rúa Val Miñor e avenida Fragoso" (1584-441)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliada mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	1.344.067,86 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	1.343.159,49 €
3	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	1.389.636,36 €
4	NAROM, S.L.	1.376.163,20 €
5	ORECO BALGON, S.A.	1.391.605,29 €
6	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	1.352.697,27 €
7	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	1.378.434,09 €
8	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	1.439.000,00 €
9	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	1.376.163,20 €

Asiste como público á apertura:

1. D^a. Begoña Rivas Baltar, en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN

A Mesa, por unanimidade, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:32	Páxina 3 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF42-E1B2BD-AF4H3D-7DRVQ5-A84JN5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros (91361-250)

Retírase da orde do día por quedar deserto o procedemento

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas anormalmente baixas

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 13 de setembro de 2023, en cumprimento do acordado na sesión do 8 de setembro de 2023, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lotes X e XII)
2. SARARTE, S.L. (Lote XI)

Durante o prazo concedido, ambos licitadores presentaron documentación, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

Da documentación anterior deuse traslado ao responsable do contrato.

O 16 de outubro de 2023 a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emitiu informe sobre as xustificacións presentadas no que conclúe:

1. Con respecto a SARARTE, S.L. para o Lote XI, que se considera "(...) xustificada e razoable a baixa do 28,10 % en atención ás razóns apuntadas pola empresa para reducir considerablemente o seu custo operativo e, polo tanto, a proposta económica da oferta (...)."
2. Con respecto a IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. para os Lotes X e XII, considera que, tendo en conta que "A empresa límitase a facer un desglose do orzamento", "O documento explicativo achegado pola empresa non semella xustificar que as condicións da oferta sexan susceptibles de determinar o baixo nivel de prezo ou custos da mesma, non apreciándose xustificada e razoable a baixa do 49,82 % en atención á ausencia de motivación das razóns para reducir considerablemente o seu custo operativo e, polo tanto, da proposta económica da oferta." Conclusión en consonancia coa Resolución nº 687/2021 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, así como a nº 91/2019, entre outras.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación:

- Aceptar a xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:32	Páxina 4 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF42-E1B2BD-AF4H3D-7DRVQ5-A84JN5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
**CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



presentada por SARARTE, S.L. para o Lote XI neste procedemento.

- Excluir deste procedemento a IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. para os Lotes X e XII, por entender que a súa oferta, incursa en valores anormais, non pode ser cumprida ao non cumprirse os requisitos necesarios para considerala xustificada.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77)

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 16 de outubro de 2023 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación e o informe que corrixe o anterior por erros materiais sen entidade detectados previamente á celebración da sesión da Mesa de Contratación asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 19 de outubro de 2023, sendo aceptado este último por unanimidade.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora da iluminación do Monte da Guía" (1665-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 16 de outubro de 2023 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical "Humanización da Avda. Hispanidade, entre as rúas Amor Ruibal e Feliciano Rolán" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU) (1679-441)

A secretaria informa aos membros da Mesa de que tramitándose este procedemento de acordo coas obrigas derivadas do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU, levouse a cabo o correspondente procedemento MINERVA en virtude da Orden Ministerial HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, con aqueles participantes nas fases de valoración de ofertas e proposta de adjudicación, figurando, asemade, as correspondentes DACIs no expediente.

Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 16 de outubro de 2023



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:32	Páxina 5 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF42-E1B2BD-AF4H3D-7DRVQ5-A84JN5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para conexión entre o contorno do colexio Losada e rúa Ramón Nieto" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU) (1680-441)

A secretaria informa aos membros da Mesa de que tramitándose este procedemento de acordo coas obrigas derivadas do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU, levouse a cabo o correspondente procedemento MINERVA en virtude da Orden Ministerial HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, con aqueles participantes nas fases de valoración de ofertas e proposta de adxudicación, figurando, asemade, as correspondentes DACIs no expediente.

Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 16 de outubro de 2023 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

e) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de bomba de calor exterior para Casa Galega da Cultura (16255-331)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural o 16 de outubro de 2023 de valoración da "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación e o informe que corrixe o anterior por erros materiais sen entidade detectados previamente á celebración da sesión da Mesa de Contratación asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural o 19 de outubro de 2023, sendo aceptado este último por unanimidade

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

f) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación de máquina enfriadora exterior para Verbum (4978-330)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural o 16 de outubro de 2023 de valoración da "proposición avaliable mediante fórmula" coa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:32	Páxina 6 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF42-E1B2BD-AF4H3D-7DRVQ5-A84JN5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
**CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



proposta de clasificación e o informe que corrixe o anterior por erros materiais sen entidade detectados previamente á celebración da sesión da Mesa de Contratación asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural o 19 de outubro de 2023, sendo aceptado este último por unanimidade.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

g) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a realización dos traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (16650-306)

A secretaria informa aos membros da Mesa de que tramitándose este procedemento de acordo coas obrigas derivadas do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU, levouse a cabo o correspondente procedemento MINERVA en virtude da Orden Ministerial HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, con aqueles participantes nas fases de valoración de ofertas e proposta de adxudicación, figurando, asemade, as correspondentes DACIs no expediente.

Entrégase o informe asinado polo xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e o xefe da Área de Investimentos da Área de Fomento o 17 de outubro de 2023 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de agosto de 2023, de FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. debido a que a aclaración aportada en virtude do requirimento da Mesa do 18 de agosto, altera os termos da oferta inicial, presentada dentro do prazo de presentación de ofertas (entre outras, Resolución TACRC nº 443/2019)

Segundo.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 20 de outubro de 2023 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por SARARTE, S.L. neste procedemento.

Terceiro.- Excluir deste procedemento a IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:32	Páxina 7 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF42-E1B2BD-AF4H3D-7DRVQ5-A84JN5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



xustificado, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 16 de outubro de 2023.

Cuarto.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77) na seguinte orde descendente:

- LOTE I: FORMACIÓN EN OBRAS DE REHABILITACIÓN OU REPARACIÓN

	LICITADOR	TOTAL
1	SARARTE, S.L.	72,00

- LOTE II: CURSO DE XESTIÓN DE EQUIPOS E ORGANIZACIÓN DO TRABALLO EN OBRAS DE CONSTRUCCIÓN

	LICITADOR	TOTAL
1	SARARTE, S.L.	72,00

- LOTE III: CURSO DE SOLDADURA POR ARCO BAIXO GAS MIG, MAG E TIG.

	LICITADORES	TOTAL
1	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	64.00
2	IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.	53.03

- LOTE IV: CURSO DE PINTURA DECORATIVA EN CONSTRUCCIÓN

	LICITADORES	TOTAL
1	SARARTE, S.L.	72.00
2	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	50.32

- LOTE V: CURSO DE NOVOS TRATAMENTOS PARA A MADEIRA: A TECNIFICACIÓN DA MADEIRA

	LICITADORES	TOTAL
1	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	64.00
2	SARARTE, S.L.	53.00

- LOTE VI: CURSO DE FONTANERÍA: NOVOS MATERIAIS E TÉCNICAS (INSTALACIÓNS SOLARES ACS)

	LICITADORES	TOTAL
1	IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.	86.00
2	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	62.59



Área de
**CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



3	SARARTE, S.L.	53.00
---	---------------	-------

- LOTE VII: CURSO DE DESEÑO E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE ENERXÍA SOLAR FOTOVOLTAICA

	LICITADORES	TOTAL
1	IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.	86.00
2	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	61.43
3	SARARTE, S.L.	58.32

- LOTE VIII: FORMACIÓN EN XARDINERÍA

	LICITADORES	TOTAL
1	NORFORMACIÓN, S.L.	95.00
2	SARARTE, S.L.	70.39
3	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	40.03

- LOTE IX: TRATAMENTO DO MEDIO

	LICITADOR	TOTAL
1	NORFORMACIÓN, S.L.	84.00

- LOTE X: CURSO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

	LICITADORES	TOTAL
1	NORFORMACIÓN, S.L.	78.60
2	IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L.	76.02
3	SARARTE, S.L.	67.10
4	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L.	66.00
5	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	53.91

- LOTE XI: CURSO DE TRAMITACIÓN E ADMINISTRACIÓN DIXITAL

	LICITADORES	TOTAL
1	SARARTE, S.L.	72.00
2	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L.	69.00
3	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	30.37



**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



- LOTE XII: CURSO DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL

	LICITADORES	TOTAL
1	IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L.	75.90
2	SARARTE, S.L.	72.00
3	NORFORMACIÓN, S.L.	67.04
4	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L.	62.62
5	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	44.08

Quinto.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, SARARTE, S.L. (Lotes I, II, IV e XI), FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes III e V), IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote VI e VII), NORFORMACIÓN, S.L. (Lotes VIII, IX e X) e IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L. (Lote XII) para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.""

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora da iluminación do Monte da Guía" (1665-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora da iluminación do Monte da Guía" (1665-441) na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1	SIELVIGO, S.L.	91,54



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:32	Páxina 10 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF42-E1B2BD-AF4H3D-7DRVQ5-A84JN5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
**CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SIELVIGO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical "Humanización da Avda. Hispanidade, entre as rúas Amor Ruibal e Feliciano Rolán" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU) (1679-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical "Humanización da Avda. Hispanidade, entre as rúas Amor Ruibal e Feliciano Rolán" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU) (1679-441) na seguinte orde descendente:

	EMPRESAS LICITADORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,33
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	87,73
3	ORECO BALGON, S.A.	80,88
4	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	61,86

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:32	Páxina 11 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF42-E1B2BD-AF4H3D-7DRVQ5-A84JN5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para conexión entre o contorno do colexio Losada e rúa Ramón Nieto" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU) (1680-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade/maioría dos/as membros presentes coa abstención de xxx, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para conexión entre o contorno do colexio Losada e rúa Ramón Nieto" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU) (1680-441) na seguinte orde descendente:

	EMPRESAS LICITADORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	94,00
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L	90,22
3	ORECO BALGON, S.A.	86,93
4	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	84,90

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:32	Páxina 12 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF42-E1B2BD-AF4H3D-7DRVQ5-A84JN5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



que se atope vixente.””

e) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de bomba de calor exterior para Casa Galega da Cultura (16255-331)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de bomba de calor exterior para Casa Galega da Cultura (16255-331) na seguinte orde descendente:

EMPRESA	
1	TERMOCALOR VIGO, S.L.
2	ACEUVE, S.L.U.
3	GESTIÓN INTEGRAL DE MANTENIMIENTOS Y SERVICIOS AUXILIARES, S.L.
4	BELENUS-NATUR, S.L.U.

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TERMOCALOR VIGO, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 do prego de cláusulas administrativas particulares, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC-.

f) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación de máquina enfriadora exterior para Verbum (4978-330)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación de máquina enfriadora exterior para Verbum (4978-330) na seguinte orde descendente:

EMPRESA	
1	TERMOCALOR VIGO, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:32	Páxina 13 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF42-E1B2BD-AF4H3D-7DRVQ5-A84JN5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
**CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



2 | ACEUVE, S.L.U.

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TERMOCALOR VIGO, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 do prego de cláusulas administrativas particulares, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC-.

g) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a realización dos traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (16650-306)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para a realización dos traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (16650-306) na seguinte orde descendente:

Licitador	
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Mencionar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:32	Páxina 14 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF42-E1B2BD-AF4H3D-7DRVQ5-A84JN5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente. "".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:32	Páxina 15 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAF42-E1B2BD-AF4H3D-7DRVQ5-A84JN5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		